NARÓN

Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO		
Unidade Tramitadora:		
Contratacion e Obras Publicas - IMG		
Número expediente:	Documento:	
CON/14/2016	CON10I0LD	
4Y6Q412L51392P170K13		

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA DAR CONTA DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E A REALIZACIÓN DA APERTURA DO SOBRE "B" QUE CONTÉN A OFERTA ECONÓMICA, DA CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE MANTEMENTO DE SINAIS DE TRÁFICO HORINZONTAIS E VERTICAIS .

Presidente: D. José Manuel Blanco Suárez.

Vogais:

D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli Secretario Xeral
Dna. M. Pilar Canzobre Méndez, Interventora Xeral
D. Eduardo Pita García Xefe da Policía Municipal

Secretario:

D. Ignacio Mazaira Garro, Xefe da Sección de Contratación

Na Sala de Reunións da Casa do Concello, en cumprimento do previsto no Texto refundido da Lei de contratos do sector público, así como no prego de cláusulas administrativas particulares que regula a contratación do devandito servizo, co gallo de tratar os dous puntos da orde do día:

- Dar conta da documentación administrativa
- Apertura do sobre B: Oferta económica

De conformidade co establecido na cláusula 11.2 do prego de cláusulas administrativas particulares, regulador deste contrato, en concordancia co expresado no artigo 27 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de contratos do sector público e, despois de anunciarse no perfil de contratante a convocatoria desta mesa para coñecemento dos candidatos que participaron na licitación, neste acto público de apertura, cabe manifestar que asistiu un representante da empresa Industrias Saludes S.A.U.

Sendo as 12:40 horas do día vinte e oito de xuño de dous mil dezaseis, reúnese a Mesa de Contratación formada polos membros que enriba se expresan, para a comunicación das empresas admitidas á licitación e para apertura dos sobres "B" relativos á Oferta Económica.

Antes de proceder á apertura dos sobres da Oferta Económica, o secretario procede á realización das formalidades contidas no artigo 83 do Regulamento Xeral da Lei de contratos das administracións públicas, dándose a coñecer ao público do número de ofertas recibidas e admitidas así como o nome dos licitadores.

Con posterioridade procédese á apertura dos sobres "B" relativos ás Ofertas Económicas, do que resulta:

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Proseñal S.L.U.

Baixa prezos unitarios 12,20%
Melloras: Realización inventario sinais de tráfico en vías públicas: Si
Porcentaxe a maiores do mínimo esixido polos pregos destinado a control de calidade: 2%

Api Movilidad S.A.

Baixa prezos unitarios 25,52%
Melloras: Realización inventario sinais de tráfico en vías públicas: Si
Porcentaxe a maiores do mínimo esixido polos pregos destinado a control de calidade: 2%

Xalo Obras e Servizos S.L.

Baixa prezos unitarios 15,52%
Melloras: Realización inventario sinais de tráfico en vías públicas: Si
Porcentaxe a maiores do mínimo esixido polos pregos destinado a control de calidade: 2%

Díez y Compañía S.A.

Baixa prezos unitarios 26,15 %
Melloras: Realización inventario sinais de tráfico en vías públicas: Si
Porcentaxe a maiores do mínimo esixido polos pregos destinado a control de calidade: 2%

Aceinsa Salamanca S.A.

Baixa prezos unitarios 23 %
Melloras: Realización inventario sinais de tráfico en vías públicas: Si
Porcentaxe a maiores do mínimo esixido polos pregos destinado a control de calidade: 8%

Aceinsa Movilidad S.A.

Baixa prezos unitarios 25 %
Melloras: Realización inventario sinais de tráfico en vías públicas: Si
Porcentaxe a maiores do mínimo esixido polos pregos destinado a control de calidade: 8%

Aceinsa Salamanca S.A.

Baixa prezos unitarios 21 %
Melloras: Realización inventario sinais de tráfico en vías públicas: Si
Porcentaxe a maiores do mínimo esixido polos pregos destinado a control de calidade: 8%

Señalizaciones del Norte S.L.

Baixa prezos unitarios 14,71 %
Melloras: Realización inventario sinais de tráfico en vías públicas: Si
Porcentaxe a maiores do mínimo esixido polos pregos destinado a control de calidade: 2%

Industrias Saludes S.A.U.

Baixa prezos unitarios 31 %
Melloras: Realización inventario sinais de tráfico en vías públicas: Si
Porcentaxe a maiores do mínimo esixido polos pregos destinado a control de calidade: 1%

Rematada a lectura das ofertas económicas, a Presidencia invita aos representantes dos licitadores asistentes ao acto a que manifesten as dúbidas que se lle ofrezan ou aclaracións pertinentes.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Unha vez abandonada a sala polo público asistente, continúa a reunión para puntuar as ofertas mediante a aplicación da correspondente fórmula matemática e propoñer a adxudicación ao órgano de contratación, previamente e a vista das oferta presentadas, procédese a comprobar a existencia ou non de baixas anormais ou desproporcionadas, ao abeiro do establecido no artigo 16 do prego de condicións particulares.

Como establece o artigo 16 citado no parágrafo anterior, para o suposto de presentación de máis de tres ofertas, considerarase desproporcionada aquela que supere en 10 unidades porcentuais, a baixa media producida.

Por outra banda o artigo 86.2 do real decreto 1098/2001 de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, establece que cando se presenten distintas proposicións por sociedades pertencentes a un mesmo grupo, como é o caso, tomarase unicamente a máis baixa, para aplicar o réxime de apreciación de ofertas desproporcionadas.

Realizados os cálculos correspondentes, a baixa media resulta ser 20,87 %, deste modo a oferta presentada por Industrias Saludes S.A.U., que oferta unha baixa do 31%, debe ser considerada como anormal ou desproporcionada.

Por todo o exposto a Mesa acorda que antes de proceder ao cálculo da puntuación obtida por cada un dos licitadores e posterior proposta de adxudicación, debe requerirse a Industrias Saludes S.A.U., para que xustifique a súa oferta de acordo co establecido no artigo 152.3 do TRLCSP.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as 12:59 horas da data indicada no encabezamento, redactándose a presente acta, de cuxo contido eu o secretario dou fe, asinando comigo todos os membros presentes da Mesa de Contratación.

José M. Blanco Suárez

Alfonso de Prado Fernández-Canteli

M. Pilar Canzobre Méndez

Eduardo Pita García

Ignacio Mazaira Garro

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es